

ULTRA BTT ORIENTACIÓN

Organiza: CLUB SEO – TERCEIRO BOLETÍN



A **Ultra BTT de Orientación** organizada polo **Club SEO**, será unha proba de moi longa distancia con saída/chegada no concello de **Ordes** na provincia de A Coruña e que terá lugar o día **30 de xullo** do presente ano.

PERCORRIDO

A proba contará cun percorrido aproximado de 70 kilómetros, 1500 metros de desnivel positivo e 18 Puntos de Control.

FORMATO

O formato será de **dous participantes** por equipo na modalidade **NON STOP** e sen posibilidade de relevo.

BONIFICACIÓNS

Aplicarase unha bonificación sobre o tempo final do 5% ós equipos nos que participe unha muller.

HORARIOS

O horario de saída será ás 10:00 horas e o mellor tempo rondará as 5 horas. Os equipos saíran cun espazo de tempo de 2 minutos.

A hora límite de chegada será ás 18:00 horas máis a diferenza con respecto á saída do primeiro equipo.

REGULAMENTOS

A proba estará suxeita o regulamento da FEDO OB-M do ano 2006 (<http://fedo.org>).

A modalidade será lineal e sen parar e os equipos clasificaranse atendendo primeiro aos Puntos de Control conseguidos e despois ó tempo invertido.

A organización poderá, se así o estima necesario para a seguridade dos participantes, establecer puntos de paso obrigado e/ou puntos de parada obrigada nos cruces que polo seu elevado nivel de tráfico pudieran representar un perigo potencial para a seguridade dos mesmos.

MAPAS

Os mapas a empregar serán os do "IGN" escala 1/25.000 en formato DIN A4 actualizados pola organización con tódolos camiños ou vías de circulación necesarias para a realización da proba.

PUNTOS DE CONTROL

O sistema de rexistro dos Puntos de Control visitados será o sistema clásico de pinza perforadora e tarxeta.

MATERIAL OBRIGATORIO

Por participante:

- Camelbak ou bidóns de auga cunha capacidade mínima de 2 litros.
- Manta térmica.
- Casco.

Por equipo:

- Teléfono móbil, apagado e co pin anotado na parte posterior, non podendo facer uso del baixo risco de eliminación salvo por un motivo de emergencia.
- Botiquín con 1,5 metros de venda, esparadrapo, antiséptico e analxésicos.
- Kit de reparación BTT.

AVITUALLAMENTOS

A organización porá a disposición dos participantes de 2 avituallamentos con comida e bebida. Os equipos disporán así mesmo, dun pequeno taller na mesma zona de avituallamento con ferramentas, aceite e bomba de aire para poder reparar ou efectuar o mantemento da bici se o considerasen necesario.

PERNOCTA

Os corredores que o desexen poderán pernoctar tanto a noite previa como a do día da carreira no pavillón municipal en chan duro. Quenes así o desexen deberán comunicalo previamente.

PREMIOS

Estableceranse os seguintes premios:

- **1º clasificado:** 150 euros
- **2º clasificado:** 120 euros
- **3º clasificado:** 90 euros
- **4º clasificado:** Material deportivo
- **5º clasificado:** Material deportivo
- **6º clasificado:** Material deportivo

COMIDA DE FIN DE CARREIRA

Como acto de despedida e finalización da proba, agasallárase a todos os participantes cuns pinchos quentes para repoñer as forzas.

INFORMACIÓN

Calqueira outra información non incluída no presente boletín, será atendida pola organización no correo electrónico info@clubseo.es